

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*EXTRACTO da Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).*

BDNS (Identif.): 303576

De conformidade co previsto no artigo 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas de indemnización as mulleres, maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero e todas as persoas que dependan económica e/ou asistencialmente dunha muller que sufra violencia de xénero.

2. Ademais, entre outros, deberán cumprir os seguintes requisitos: a) non conviviren co agresor; b) estaren empadroadas e teren residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, teren permiso de residencia; c) teren dereito á percepción dunha indemnización por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia; d) que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento; e) que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.



**Segundo. *Obxecto***

Estas axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e a súa finalidade é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

**Terceiro. *Bases reguladoras***

Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

**Cuarto. *Importe***

Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de corenta e cinco mil euros (45.000 €).

A contía destas axudas de indemnización será a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento logo da declaración de insolvencia do obrigado a esta, ata o máximo de 6.000 euros, por cada persoa beneficiaria, excluídos os xuros de mora.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de outubro de 2016.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2016

Susana López Abella  
Secretaría xeral da Igualdade

